



FACULTADE CIENCIAS DE EDUCACIÓN OURENSE

Programa docente da materia:

Practicum (Psicopedagogía)

Ver Páxina Web: webs.uvigo.es/educacion-ou

Datos administrativos da Universidade

Código da materia	1055115040
Nome da materia	Practicum
Centro/ Titulación	Fac. CC. da Educación de Ourense. Psicopedagogía
Curso	
Tipo (Libre, Troncal, Obrigatoria, Optativa)	Troncal
Alumnos matriculados (totais)	
Alumnos novos	
Créditos aula/grupo (A)	14
Créditos laboratorio/grupo (L)	0
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1
Número grupos Laboratorio	0
Número grupos Prácticas	0
Anual /Cuadrimestral	Cuadrimestral
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa. Didáctica, organización escolar e métodos de investigación. Psicología evolutiva e Comunicación
Área de coñecemento	Didáctica e organización escolar

Sinatura dos profesores	Aprobado polo Consello do Departam. de _____ O día _____ O/A SECRETARIO/A DO DEPARTAMENTO	Aprobado pola Xunta de Centro O día _____ O SECRETARIO DA F. CC. DE EDUCACIÓN - OU.
	Asdo.	Asdo. José Luis Fernández Méndez

Datos do Departamento

PROFESORADO DA MATERIA (segundo POD):

Nome profesor/a	Código	Créditos (indicando A, L ou P)
Carmen Pereira Domínguez	0468	A
Juan Luis Rodríguez Rodríguez	3269	
Mercedes Suárez Pazos	0613	
Margarita Valcarce Fernández	1784	

A: Aula. L:Laboratorio. P:Prácticas.

Cada profesor/a deberá de indicar o lugar e horarios de titorías

TEMARIO DA MATERIA

Obxectivo da materia:

As prácticas ou practicum constitúen un compoñente esencial da formación universitaria, permiten contextualizar os contidos teóricos aprendidos na Facultade e coñecer de forma directa as distintas realidades de inserción laboral ás que poden acceder os titulados en psicopedagogía ó obter a titulación. O inserirse nelas, o Psicopedagogo/a poderá, por unha parte, observar, descubrir, analizar e interpretar distintas situacións educativas, de formación permanente e de orientación educativa e profesional e, por outra, interactuar coa realidade laboral de maneira reflexiva.

Obxectivos:

1. Función socializadora: adquirir destrezas, valores e actitudes relacionadas con situacións nas que se convive con diferentes profesionais
2. Función reflexiva sobre a propia práctica
3. Función globalizadora de coñecementos: posibilitar a conexión coa realidade educativa, aplicación de coñecementos teóricos previos e, ademais, a reestructuración e globalización dos coñecementos
4. Función de aplicación de coñecementos: desenvolver contidos e actividades nas tarefas de asesoramento, avaliación e diagnóstico dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, así como intervención psicopedagóxica

Temario de Prácticas

Horas totais Prácticas en institucións = 140h.

Práctica	Contido	Observacións	Duración
	<u>Resalta-lo disposto no plano de estudos</u>		

PRACTICUM	<p>O alumno/a participará naquelas actividades que tendo relación coa titulación, lle sellan propostas e supervisadas polo Titor/a da Institución. A proposta deberá recollerse no Plan de Prácticas.</p> <p>Prospección e detección de necesidades, planificación, programación, execución de programas, avaliación e participación na Institución e dentro do departamento, área ou servicio que lle corresponda.</p> <p><u>Poderá integrarse en:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Accións docentes • Deseño de materiais didácticos. • Selección de recursos para a educación • Accións titoriais • Deseño de PEC, PCC, e Programacións de Aula • Lectura de documentos • Elaboración de Planos de Intervención • Deseño de programas de desenvolvemento grupal e/ou individual • Aplicación de Probas • Accións de Orientación • Outros propostos polo alumnado • <p style="text-align: center;"><u>Seminarios titorizados</u></p> <p>Os seminarios teñen como obxectivo reflectir e analizar a realidade observada nos servicios ou institucións. Son tres os seminarios que se levan a cabo durante o practicum: seminario 1: de presentación, plantexamento do traballo no centro; seminario 2: de reflexión conxunta sobre a información recopilada, así como a presentación das actividades realizadas ou en vías de realización; seminario 3: de avaliación conxunta no practicum</p>		140 h.
-----------	---	--	--------

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Recoméndase o emprego de materiais bibliográficos, documentais e legislativos relacionados co servicio e/ou institucións nos que se realice o Practicum. Recoméndase o manexo e consulta das referencias bibliográficas indicadas polas diferentes profesoras e profesores das materias básicas da titulación, especialmente aquelas que teñan relación cos seguintes ámbitos profesionais: orientación educativa, orientación vocacional/profesional, orientación laboral, orientación familiar, formación-asesoramento e consultoría, deseño de recursos e programas e servicios comunitarios.

MÉTODO DOCENTE E SISTEMA DE AVALIACIÓN:

Método docente:

O **Practicum** deberá realizarse en Institucións Públicas e/ou Privadas. Así, o alumno/a poderá estudar-la organización das Institucións e Entidades, observar as formas de traballar, as funcións, tarefas, instrumentos, estratexias, programas e as relacións laborais e humanas. Tamén poderá aproximarse ós colectivos cos que traballar nas súas realidades diferenciadoras. O alumno/a deberá afondar, dacordo cos seus futuros intereses, nun campo e aprender a resolver problemas e contribuir a dar respostas educativas concretas por medio da realización de programas de intervención.

Creemos que así, o alumno/a adquire un maior coñecemento da dinámica socio-educativa, o que lle permitirá un acercamento global e unha orientación profesional hacia aqueles escenarios de traballo máis acordes cos seus intereses, posibilidades e aptitudes.

Delimitamos os ámbitos de intervención prioritarios ós seguintes:

- CENTROS EDUCATIVOS DE INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA
- EDUCACIÓN ESPECIALIZADA
- FORMACIÓN PROFESIONAL INICIAL, REGRADA E OCUPACIONAL
- ORIENTACIÓN EDUCATIVA, PROFESIONAL E LABORAL
- EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO
- SERVICIOS Á COMUNIDADE
- OUTROS CENTROS DE INTERÉS

Fomentarase o traballo en equipo, o estudio e búsqueda de solucións conxunta entre alumnos/as que realizan o practicum na mesma institución.

As prácticas levaranse a cabo baixo a orientación, seguimento conxunto e avaliación da Profesora/o titores da Universidade e os Titores das Institucións.

Previo a organización de cada practicum entregarase a cada alumno/a un folleto explicativo, e fichas para a recollida de datos, e para a acreditación por parte do titor da Institución, da realización do practicum.

Os procedementos a seguir serían:

- Selección e proposta ós alumnos das Institucións e Entidades posibles do entorno
- Recepción doutras propostas por parte dos alumnos, non contempladas
- Preinscripción dos alumnos/as para as Entidades totais definitivas
- Selección de alumnos dacordo co número de plazas ofertado por cada entidade
- Elaboración do plan de prácticas: contacto coa organización, determinación das actividades a realizar polo alumno/a, datas, horarios, etc.
- Implementación e seguimento das prácticas
- Avaliación das prácticas: profesor titor/memoria/profesional titor

As funcións e competencias dos axentes participantes no practicum son:

PROFESORA/O-TITORA DA UNIVERSIDADE

- Participar na organización das actividades do practicum
- Captar organizacións, establecen contactos e preparan convenios
- Presentar o practicum ó alumnado
- Orientar ó alumno/a na selección da entidade na que facer a práctica
- Manter contactos cos responsables e titores das entidades colaboradoras
- Avaliar as prácticas
- Asinar as actas

TITORES/AS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

- Participar no deseño e seguimento do plan de prácticas dacordo coa estrutura do practicum
- Proporcionarlle ó alumno/a as competencias e habilidades propias da profesión
- Informar, orientar e guiar ó alumno/a en relación cos servizos e programas da profesión
- Axudar ó alumno/a a integrarse na organización da entidade
- Orientar ó alumno/a na toma de decisións propia da súa implicación real na acción da entidade
- Avaliar ó alumno/a
- Comunicarse cos coordinadores da Facultade

ALUMNOS/AS

- Coñecer o plan de prácticas
- Participar na elección do centro
- Colaborar na elaboración do seu plan de prácticas
- Cumplir co plan de prácticas aceptado
- Comunicarse cos titores e coordinadores
- Realizar os informes e memorias correspondentes
- Proponer outras formas alternativas de practicum

Sistema de avaliación:

Efectuarase á finalización do periodo de realización do practicum por medio da valoración dunha Memoria final que integre a descrición da experiencia do alumno individualmente, unha reflexión crítica sobre a realidade vivida, Diario, ou Caderno de Prácticas no que se incluíra o resumo das distintas actividades desenvolvidas e o tempo adicado a cada unha delas e, os programas de intervención realizados.

O resultado a obter polo alumno/a como cualificación, será produto das puntuacións outorgadas polo titor da Institución e pola profesora da Universidade en base os criterios definidos nos obxectivos e especificados no documento explicativo entregado ó inicio a cada alumno/a. Só se fará media entre ámbalas dúas puntuacións cando o titor/a da institución ou entidade colaboradora teña a mesma titulación do prácticum, ou desenvolva competencias propias do perfil da mesma, alomenos nos últimos tres anos anteriores a titorización do alumno/a.

Tipo de Avaliacións:

- Avaliación inicial – asistencia a sesións informativas previas
- Avaliación continua – contactos cos titores/as das institucións
- Avaliación final – valoración da memoria e informe de avaliación dos profesionais titores

Criterios de avaliación:

Para valorar o practicum, consideraránse os seguintes datos:

1.- A asistencia e participación nas sesións informativas e nas tutorías individuais e grupais.

2.- A Memoria final elaborada polo alumno/a, entendida como un traballo universitario de rexistro dunha experiencia pre-profesional vivida. Que no seu contido inclúa todos ou parte dos seguintes aspectos:

- **PRESENTACIÓN:** aspectos formais (coherencia na estruturación interna, presentación xeral, índice, paxinación, mecanografiada ou por ordenador, ilustrada, ortografía, fluidez, claridade, linguaxe empregada). Aspectos de contido (rigor científico e técnico, reflexión crítica, aportacións novedosas, etc).
- **INTRODUCCIÓN:** ubicación temporal, descriptiva da entidade e actividades realizadas.
- **OBSERVACIÓN DA ENTIDADE COMO ORGANIZACIÓN:** trátase de que coñezas o seu ámbito de actuación, servizos e produtos que configuran a sá actividade, organización interna, perfís profesionais, recursos e instrumentos de traballo relacións institucionais que mantén, etc.
- **IDENTIFICACIÓN DO SERVICIO CONCRETO NO QUE SE REALIZARON AS PRÁCTICAS:** trátase de que especifiques os aspectos do punto anterior de maneira concreta e de que engadas técnicas de traballo empregadas e recursos manexados.
- **INTEGRACIÓN DO CADERNO DE PRÁCTICAS,** no que se reflexe unha descripción crítica e reflexiva sobre as accións realizadas no practicum
- **VALORACIÓN DO PRACTICUM, RELACIONANDO OS COÑECEMENTOS TEÓRICOS ADQUIRIDOS NA TITULACIÓN COA PRÁCTICA VIVIDA**
- **MATERIAIS BIBLIOGRÁFICOS, DOCUMENTAIS E LEXISLATIVOS**
- **ANEXOS**

3.- As entrevistas, conversas telefónicas e outras comunicacións mantidas co titor/a da institución, para efectuar o seguimento continuado do alumno/a durante o desenvolvemento do practicum.

4.- O cuestionario final cuberto polo titor/a da institución colaboradora, e a cualificación global outorgada por éste.

BAREMO UTILIZADO		
OUTROS (asistencia a sesións informativas, tutorías grupais e individuais, etc.)	10%	1
MEMORIA	50%	5
VALORACIÓN DO TITOR/A (si é o caso)	40%	4
PUNTUACIÓN MÁXIMA	100%	10